

II Xornadas de Divulgación  
do Patrimonio Musical Galego  
na Universidade da Coruña

En torno á figura e á música  
de Andrés Gaos Berea  
**1874-1959**




outubro - decembro 2009

Aula de Música  
Vicerreitoría de Cultura e Comunicación  
Universidade da Coruña





Andrés Gaos Berea 1926



A Ramiro Cartelle  
In memoriam

Julián Jesús Pérez Fernández  
Director da Aula de Música  
Vicerreitoría de Cultura e Comunicación

Achegámonos á segunda edición do que demos en chamar as “Xornadas de Divulgación do Patrimonio Musical Galego” na Universidade da Coruña. Desde a Aula de Música da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación desexamos expresar a nosa gratitudade a todas as persoas que van participar ao longo destes meses nos diversos actos que se programaron. Todas elas forman xa parte dun soño que comezou hai uns cantos anos, cando un equipo de coruñeses entusiastas da Música puxo en marcha a Asociación Musical “Andrés Gaos”, con sede na casa particular dun deles: o benquerido e non esquecido amigo Ramiro Cartelle. El é o responsable do meu crecente interese pola obra e a figura do compositor de quen se conmemora este ano o 50 Aniversario do seu pasamento. Precisamente por iso, decidimos dedicar as II Xornadas a achegar un graíño de area á difusión da súa obra.

Queremos agradecer moi especialmente a presenza de Andrés Gaos Guillochón, fillo do compositor e pianista, na mesa redonda e na conferencia-concerto que abre este ciclo; el foi quen de gravar as dúas Suites para piano tituladas Aires Gallegos e Nuevos Aires Gallegos e sempre foi unha peza fundamental cara á difusión da obra do seu pai.

O labor da Asociación Musical “Andrés Gaos” foi a primeira pedra para dar a coñecer, polo menos, parte da obra do noso compositor: a Sonata para violín e piano interpretada por Pedro León e Ricardo Requejo, unha selección de cancións nun recital de María Teresa del Castillo (soprano) e Ramiro Cartelle (piano), a estrea en España da Sinfonía N.<sup>o</sup> 2 “En las montañas de Galicia” por conta da antiga Orquestra da Coruña Filial do Conservatorio, baixo a dirección de Rogelio Groba...

Anos máis tarde chegarían as cancións francesas interpretadas por Conchita Fraga (mezzosoprano) e Francisco Javier Chao (piano) nun formato de conferencia-concerto conducido por Julio Andrade Malde, a quen lle debemos moito tamén pola súa faceta investigadora. Recentemente, coa creación da Orquestra Sinfónica de Galicia, as interpretacións e gravacións de obras para orquestra de cordas ou sinfónica, e mesmo a moi recente estrea da ópera Amor Vedado; tamén á Real Filharmonía de Galicia, á Orquestra de Cámara Galega,... a Joám Trillo, que ademais de dirixir obras orquestrais de Gaos está levando a cabo un importantísimo labor de dixitalización e edición da súa obra, a Maximino Zumalave, a Florian Vlashi...

É imposible nomear todas as persoas e agrupacións que traballan e se interesan pola obra de Gaos, dentro e fóra de Galicia. Hoxe en día podemos dicir que a obra compositiva de Andrés Gaos ocupa un lugar relativamente importante na Historia da Música. Os anos pasan e as novas xeracións van tomando o relevo. A semenza que supuxo o labor da Asociación deu froito e esperamos que os novos tempos abran novos camiños.

## programa xeral

13 de outubro de 2009  
Paraninfo da Reitoría  
20.00 h

### mesa redonda

Andrés Gaos Guillochón  
pianista e fillo de Andrés  
Gaos Berea

Julio Andrade Malde  
crítico musical

Joam Trillo, compositor  
e director de orquestra

Maximino Zumalave  
director de orquestra

Florian Vlashi  
violinista da Orquestra  
Sinfónica de Galicia

28 de outubro de 2009  
Paraninfo da Reitoría  
20.30 h

### concerto

Obras para piano a catro  
mans de Marcial del Adalid

Obras para piano  
de Andrés Gaos

José Manuel Yáñez e  
Genaro Fernández  
piano

### conferencia-concerto

As obras orixinais para violín  
e piano de Andrés Gaos Berea

Julio Andrade Malde  
crítico musical

Florian Vlashi, violin  
Nicolás Cadarso, piano

11 de novembro de 2009  
Paraninfo da Reitoría  
20.30 h

concerto

Obras para violoncello  
e piano de Mendelssohn,  
Martinu e Gaos

Carolina Landriscini, violoncello  
Nicolás Cadarso, piano

3 de decembro de 2009  
Paraninfo da Reitoría  
20.30 h

concerto

Obras de Julián Aguirre  
e Andrés Gaos

Virginia González, violín  
e Rubén Alvar, piano

25 de novembro de 2009  
Paraninfo da Reitoría  
20.30 h

conferencia-concerto

As cancións francesas  
de Andrés Gaos Berea

Julio Andrade Malde  
crítico musical

Manuela Soto, soprano  
Monika Fehn, piano

19 de decembro de 2009  
Igrexa da Venerable Orde  
Terceira  
20.30 h

concerto

Obras de Adalid, Montes,  
Quiroga e Gaos para  
orquestra de cordas

Orquestra de Cámara  
da Universidade da Coruña  
Julián Jesús Pérez, director

[www.andresgaos.com](http://www.andresgaos.com)

13 de outubro de 2009

mesa redonda

Andrés Gaos Guillochón

Julio Andrade Malde  
crítico musical

Joam Trillo  
compositor e director  
de orquestra

Maximino Zumalave  
director de orquestra

Florian Vlashi  
violinista da Orquestra  
Sinfónica de Galicia

conferencia-concerto

As obras orixinais para violín  
e piano de Andrés Gaos Berea

Julio Andrade Malde  
crítico musical

Romanza Op. 20  
A. Gaos, 1874-1959

Muiñeira Op.2  
A. Gaos

Danza argentina  
A. Gaos

Habanera Op. 19  
A. Gaos

Florian Vlashi, violín  
Nicolás Cadarso, piano

**FLORIAN VLASHI**  
violín

Nace en Durres (Albania) en 1963. Empezou os estudos de violín á idade de 6 anos. O seu pai, Gjergj Vlashi, escritor e director de teatro moi coñecido, tivo un papel decisivo no futuro do seu fillo. Estuda con V. Papa, R. Stefi, I. Madhi e obtivo, pola Academia de Belas Artes de Tirana, o primeiro posto por unanimidade. En 1989 gaña o Primeiro Premio no Concurso de Solistas e de Orquestras Sinfónicas de Albania. Este mesmo ano foi director e solista da Orquestra de Corda "Jan Kukuzeli" coa que realizou moitos concertos e gravacións para a RTVA e a súa primeira xira de concertos por Italia.

Desde 1992 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia, perfeccionándose con G. Egger (Bachakademie Stuttgart) e L. Müller (Concertino da Orquestra de Câmara de Viena). A súa actividade esténdese á pedagogía, publicacións sobre a estética interpretativa e actividades como conferenciante (Conservatorio Superior, Universidades da Coruña, Santiago e A Rioxa etc.)

Foi invitado a tocar na inauguración da tempada de concertos do Centro de Arte Moderno Reina Sofía, Fundación Juan March, Auditorio Nacional de Música de Madrid, CAIM-Salamanca, CAI Zaragoza, Academia de España en Roma, Instituto Cervantes en Nápoles, Estate Musicale Maffeiana en Verona, Prístina, Suíza, São Paulo, Montevideo etc. e en moitos festivais de música da Coruña (Festival Mozart), Santiago, Vigo, Bilbao e colaborando como solista co Plural Ensemble de Madrid. Compositores como E. Buharaja, C. López García, J. Vara, X. De Paz, P. Pereiro, D. Malumbres, J. Durán, F. Buide del Real dedicáronlle as súas obras.

En 1999 saíu ao mercado o seu CD "Andrés Gaos - Integral para violín e piano". En xullo do mesmo ano a televisión albanesa realizou o documental "Florian Vlashi - o violín albanés en España". É creador e director artístico do Festival "Netet e muzikes klasike - Durres 2003". No ano 2002 a Asociación Galega de Compositores nomeouno "Socio Protector". Ese mesmo ano é nomeado profesor do Departamento de Cordas no Conservatorio de Betanzos, onde dirixe actualmente a Camerata Brigantina (Nova Orquestra de Câmara de Betanzos).

É creador (1996) e director do Grupo Instrumental Século XX que está integrado por solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia. Con el estreou más de 50 obras de autores na súa maior parte españoles, algunas por encarga do propio grupo. Os seus concertos foron transmitidos por Radio Clásica de Radio Nacional de España, pola TVE 2 e pola Canle Internacional de España. Florian Vlashi toca un violín francés do século XVIII de J. Bocquay.

NICOLÁS CADARSO ARROJO  
piano

Naceu en Santiago de Compostela. Cursou os seus primeiros estudos de música no Conservatorio Profesional de Música e Declamación da Coruña. Continuou a súa formación en Santiago, na clase do profesor Martín Millán, onde completou os estudos de grao medio de piano. Seguidamente ingresa no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid para cursar a Carrera Superior de Piano, sempre coas máximas cualificacións. Concluídos os seus estudos oficiais en España, trasládase aos Estados Unidos para perfeccionar a súa formación pianística no New England Conservatory of Music, en que se gradúa coa distinción de "Academic Honors" en 1994. Así mesmo, participou activamente en cursos de interpretación e clases maxistrais con artistas de prestixio internacional en Torroella de Montgrí, Estoril, Sommerakademie Mozarteum, Baylor University (Texas) etc.

Recibiu apoio económico e bolsas de institucións como a Xunta de Galicia, o Ministerio de Asuntos Exteriores ou a Fundación Pedro Barrié de la Maza. Desde o seu regreso a Galicia colaborou en numerosos proxectos como pianista, tanto coa Real Filharmonía de Galicia como coa Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG). Destas colaboracións produciuse unha relación profesional posterior con profesores de ambas as orquestras, o que o levou a aparecer en recitais a solo e de música de cámara en España, Portugal, Países Baixos, USA e Italia, así como a ser pianista do coro da OSG na tempada da súa formación (baixo a dirección de James Ross), ou gravar un disco compacto co violinista Florian Vlashi en 1997.

Tivo a fortuna de contar entre os seus profesores a pianistas do talle de Joaquín Soriano (Madrid), Helena Costa (con quem ademais de estudar privadamente no Porto participou nos seus Masterclass de Salzburgo, Verónica Jochum von Moltke e Jacob Maxin (Boston), así como estudar Música de Câmara coa violonchelista Yeesun Kim (do Borromeo String Quartet). Impartiu clases maxistrais no Ellison Center for Performing Arts, invitado polo departamento de piano do South Shore Conservatory, en Duxbury (Massachusetts). Actualmente é profesor de piano no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

28 de outubro 2009

concerto

**DUO 2X4**

José Manuel Yáñez  
Genaro Fernández  
piano a catro mans

Sonata Op. 1 para piano  
a catro mans

M. del Adalid, 1826-1881

- Allegro moderato
- Scherzo. Capriccioso.
- Presto assai
- Andante. Arietta
- Rondo

Marcha Fúnebre Op. 3  
para piano a catro mans

M. del Adalid

"Á memoria do mariscal  
O'Donnell"

Andantino, Minuetto e Trío  
para piano a catro mans

M. del Adalid

Suite para piano  
"Aires Gallegos", Op. 22

A. Gaos, 1874-1959

- Moderato
- Tempo di Berceuse
- Allegro
- Lento
- Allegretto
- Andante
- Moderato
- Presto
- Andante

Suite para piano "Nuevos  
Aires Gallegos", Op. 36 "

A. Gaos

- Andante
- Tempo di Berceuse
- Allegro molto
- Allegretto
- Allegro

## JOSÉ MANUEL YÁÑEZ CARBALLEIRA

piano

Realizou os seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña da man da concertista e profesora Natalia Lamas e participou en diferentes cursos de perfeccionamento cos profesores Luís Galve, Manuel Carra, Cecilio Tieles, E. Pich-Axelfield, Elías Arizcuren, Edson Elías, Laszlo Gyimesi, J. L. Estellés, Benet Casablancas, Luca Chiantore, Almudena Cano... Realizou o Mestrado en Interpretación de Piano da Universidade da Coruña, o cal impartiou o profesor e concertista Albert Attenelle.

Actuou en diversas formacións: piano solo, música de Cámara, Joven Orquestra Nacional de España (JONDE), Orquestra de Cámara Nemet, Orquestra de Cámara Municipal da Coruña (coa que estreou os "Catro Temperamentos" de P. Hindemith, como solista), Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra de Cámara Galega e coa Banda Municipal da Coruña (onde interpretou como solista "Parade Concerto", de S. Lance e "Rhapsody in Blue", de G. Gershwin).

En 1991 fundou o Trío Groba xunto ao violinista e á chelista Rogelio e Clara Groba e, posteriormente, formou parte da Orquestra de Cámara Galega. Na actualidade é director do Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol, onde ocupa o devandito cargo desde o curso 1999-2000, e profesor de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Foi requirido en varias ocasións para formar parte do xurado no Premio Internacional de Piano Cidade de Ferrol. Ademais, é membro fundador da Asociación Galega de Intérpretes de Música Clásica (ASGAIM).

Entre 2003 e 2006 forma dúo de piano a catro mans coa pianista Valvanera Briz, coa que realizou varios concertos pola xeografía española. Forma parte do Dúo Ad Rem, Quidam Trío, Dúo 2x4, Strawinsky Ensemble, Firebird Proyect, Krekes Ensemble, Proxecto Encontros, Grieg Ensemble e apostou por novas propostas xunto a actores, moncreques (coa compañía Viravolta), bailaríns...

Así mesmo, é promotor e intérprete do proxecto “A Música Camiño divino”, ciclo de concertos celebrado na comarca da Ribeira Sacra, con motivo do Ano Xacobeo, durante o verán do 2004, de que se gravou un dobre CD cunha selección dos ditos concertos.

GENARO FERNÁNDEZ  
piano

Inicia os seus estudos musicais no Conservatorio Municipal de Ferrol, onde realiza o Grao Medio de Piano con Ricardo Blanco e obtén Premio de Honra “Fin de Grao”. Posteriormente trasládase ao Conservatorio Superior de Música da Coruña para estudar coa profesora Natalia Lamas Vázquez. Obtén matrículas de honra, além do Premio de Honor “Fin de Grao Superior”.

É primeiro premio do concurso “Real Club Náutico de Vigo”, primeiro premio do Concurso “Ciudad de Xátiva” e participa na grabación dun CD coas Variacións sobre un tema de Corelli de S. Rachmaninov.

Desde 1994 é profesor no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol. En representación deste actuou no “III Encontro Internacional de Centros de Educación Musical” en Batna (Arxelia).

Do seu labor concertístico destaca o dúo que forma coa violinchelista Emma Urango; entre os seus últimos concertos, o realizado en Ferrol para a Sociedad Filarmónica, en Castela-A Mancha para a Obra Social de la Caja de Ahorros e no Auditorio de Vilaseca (Tarragona). Realiza a estrea absoluta das obras: “Danza báquica y sentimental” de Fernando Alonso, “tiña3 sonatiña3” de Julio Montero e “Lisztiana” de Xoan Antón Vázquez Casas, con rexistro da Radio Galega en concerto público realizado no Museo de Belas Artes da Coruña. É membro activo da Asociación Galega de Intérpretes de Música Clásica, o que lle permite formar parte do xurado no I Concurso de Piano “Asgaim”.

11 de novembro de 2009

concerto

Carolina Landriscini, violoncello  
Nicolás Cadarso, piano

Sonata nº 2 en re mayor op.58  
F. Mendelssohn, 1809-1847

- Allegro assai vivace
- Allegretto scherzando
- Adagio
- Molto allegro e vivace

Humoresque  
A. Gaos, 1874-1959

Chant Élégiaque  
A. Gaos

Variaciones sobre  
un tema de Rossini  
B. Martinu, 1890-1959

CAROLINA LANDRISCINI MARÍN  
violonchelo

Nacida en Bos Aires, formouse na Escola Nacional de Música de Baiona (Francia) co profesor Jacques Doué, no Conservatorio de Boulogne-Billancourt (París, Francia) con Xavier Gagnepain e na Universidade de Indiana (EEUU) con Janos Starker; obtivo numerosos premios e diplomas. Foi gañadora de tres bolsas para ampliación de estudos concedidas pola Deputación de Guipúzcoa e por Xuventudes Musicais, así como da prestixiosa Bolsa Nicanor Zabaleta. Participou en numerosas clases maxistrais de música de cámara e violoncelo con reputados profesores como Gyorgy Sebok, Bernard Greenhouse, Lluís Claret, Marta Gulyas, Hortense Cartier-Bresson, Frans Helmerson, Ferenc Rados ou Gary Hofman, así como en Festivais como o Internacional de Música Pablo Casals en Prades (Francia), Festival Internacional de Cello de Manchester (Reino Unido), Festival Internacional de Cello de Kronberg (Alemaña) e o Festival de Música de Lenk (Suíza) etc.

Instrumentista comprometida coa música de cámara, forma dúo coa pianista Ana Teresa Rodríguez, con quen ofrece concertos desde 1996 en Festivais como a Quincena Musical de San Sebastián, Martes Musicais de Vitoria, Semana de Música Contemporánea de Lejona, concertos do Concello de Pamplona etc. Así mesmo, formou durante uns anos un dúo de violonchelos, trabajando gran parte do repertorio escrito para esta formación e ofrecendo concertos na Fundación Juan March, Centro Conde Duque de Madrid, Festival de Música de Segovia etc. Con este dúo realizou unha xira de concertos por Arxentina con obras de música contemporánea e gravou un CD de obras do compositor Martín Zalba. En Galicia, participou en diversos proxectos de música de cámara, ofrecendo concertos na Coruña, Teatro Rosalía de Castro ou Museo de Belas Artes, Ferrol e Ourense. Desde 2005 colabora de xeito estable co pianista Nicolás Cadarso, con quen interpretou en concerto as obras completas para violonchelo e piano de F. Chopin en varias ocasións na Coruña e León.

Foi violonchelista da Orquestra de Castela e León e colabora frecuentemente coa OSG e coa Real Filharmonía de Galicia. Así mesmo, en 2001 realizou unha xira por Australia co Ensemble de Basse Normandie.

Recentemente comezou a súa actividade co violonchelo barroco, gozando do privilexio de tocar cun chelo Grancino de 1697. Desde 2000 exerce o seu labor docente no Conservatorio Profesional de Música da Coruña onde formou numerosos rapaces na súa clase de violonchelo. Durante o curso 2008-2009 foi profesora de violonchelo no Conservatorio Superior de Música da Coruña tras obter a mellor puntuación da súa especialidade no concurso de méritos convocado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

#### NICOLÁS CADARSO ARROJO piano

Naceu en Santiago de Compostela. Cursou os seus primeiros estudos de música no Conservatorio Profesional de Música e Declamación da Coruña. Continuou a súa formación en Santiago, na clase do profesor Martín Millán, onde completou os estudos de grao medio de piano. Seguidamente ingresa no Real Conservato-

rio Superior de Música de Madrid para cursar a Carreira Superior de Piano, sempre coas máximas cualificacións. Concluídos os seus estudos oficiais en España, trasládase aos Estados Unidos para perfeccionar a súa formación pianística no New England Conservatory of Music, en que se gradúa coa distinción de "Academic Honors" en 1994. Así mesmo, participou activamente en cursos de interpretación e clases maxistrais con artistas de prestixio internacional en Torroella de Montgrí, Estoril, Sommerakademie Mozarteum, Baylor University (Texas) etc.

Recibiu apoio económico e bolsas de institucións como a Xunta de Galicia, o Ministerio de Asuntos Exteriores ou a Fundación Pedro Barrié de la Maza. Desde o seu regreso a Galicia colaborou en numerosos proxectos como pianista, tanto coa Real Filharmonía de Galicia como coa Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG). Destas colaboracións produciuse unha relación profesional posterior con profesores de ambas as orquestras, o que o levou a aparecer en recitais a solo e de música de cámara en España, Portugal, Países Baixos, USA e Italia, así como a ser pianista do coro da OSG na tempada da súa formación (baixo a dirección de James Ross), ou gravar un disco compacto co violinista Florian Vlashi en 1997.

Tivo a fortuna de contar entre os seus profesores a pianistas do talle de Joaquín Soriano (Madrid), Helena Costa (con quem ademais de estudar privadamente no Porto participou nos seus Masterclass de Salzburgo, Verónica Jochum von Moltke e Jacob Maxin (Boston), así como estudar Música de Câmara coa violonchelista Yeesun Kim (do Borromeo String Quartet). Impartiu clases maxistrais no Ellison Center for Performing Arts, invitado polo departamento de piano do South Shore Conservatory, en Duxbury (Massachusetts). Actualmente é profesor de piano no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

25 de novembro de 2009

conferencia-concerto

As cancións francesas  
de Andrés Gaos Berea

Manuela Soto, soprano  
Monika Fehn, piano

Premiers Printemps  
A. Gaos, 1874-1959  
Texto: Anónimo

La Rose  
A. Gaos  
Texto: Hans Christian Andersen

En Mai  
A. Gaos  
Texto: Heinrich Heine

Sérénade  
A. Gaos  
Texto: Franz Kükler

Fleur mourante  
A. Gaos  
Texto: Anónimo

Fleurs d'Amour  
A. Gaos  
Texto: Anónimo

Au point du jour  
A. Gaos  
Texto: Heinrich Heine

Solitude  
A. Gaos  
Texto: Hermann Allmers

Paix suprême  
A. Gaos  
Texto: Wolfgang von Goethe

Rosa de Abril  
A. Gaos  
Texto: Rosalía de Castro  
Revisión: Andrés Gaos (h.) Guillochón

**MANUELA SOTO**  
soprano

Comeza os seus estudos musicais en Ourense, compatibilizando os estudos de piano e violín con canto. Obtén a titulación superior de canto pola Staatliche Hochschule für Musik und Darstellende Kunst en Stuttgart nas especialidades de Lied, ópera e música vocal contemporánea. Ao longo da súa carreira estivo en contacto con profesores de enorme prestixio recibindo destes os seus sellos e ensinanzas, destacan entre outros Alfredo Kraus, M. del Pozo, W. Rieger, J. Hamari....

Foi galardoada entre outros, no III Concurso Internacional de Canto Alfredo Kraus, no V Concurso Internacional de Canto Francisco Alonso e no Concurso Internacional de Canto da ONCE.

Desenvolve unha importante actividade concertística en diferentes países europeos como Alemaña, Francia, Checoslovaquia e España. Cantou tamén con importantes orquestras como a Orquestra Sinfónica de Madrid, Baden Württembergische Orchester, Orquestra Sinfónica de Galicia, Camerata Stuttgart ... no Auditorio Nacional de Madrid, Auditorio da Coruña, Pazo de Festivais de Santander, Wilhelma Theater, C. Noricum Nürnberg... entre outros, participou en óperas como Xerxes de Händel, Die vier Grobiane de Wolf-Ferrari, Der Freischütz de Weber, Fidelio de Beethoven, Don Pasquale de Donizetti...

Realizou diversas gravacóns, entre as que destaca Pierrot Lunaire de Schönberg para a Süddeutsche Rundfunk (SDR) en Stuttgart, Requiem de Mozart baixo a dirección de Laszlo Heltay, Te Deum de Kodaly, para o Nürtinger Konzertensemble e para a TVG. Manuela Soto é profesora de canto na Hochschule für Musik de Stuttgart.

**MONIKA FEHN**  
piano

Naceu en Erlangen (Alemaña) e realizou os seus estudos na Musikhochschule de Würzburg e na de Stuttgart con Schoshana Rudiakov e Andrzej Ratusinski. Así mesmo asistiu a Masterclasses de importantes mestres como Vitaly Margulis, Anatol Ugorski, Leonard Hokanson, Roger Vignoles...

Actuou como pianista de cámara e de Lied en Alemaña, Austria, España e Suíza; entre outros, no Festival Internacional de Música de Schleswig-Holstein, Kammerphilharmonie en Munich, Festival de Música de Koblenz, Liederhalle en Stuttgart...

O seu repertorio abarca dende obras barrocas ata a música contemporánea, acentuando o seu interese na música para piano dos séculos XIX e XX: obras de Serge Bortkiewicz, Niels W. Gade, Edvard Grieg, Karl Amadeus Hartmann, Erwin Schulhoff e Richard Strauss. Unha atención especial xunto ao Lied alemán merece a súa dedicación ao repertorio francés e suramericano e ao lied contemporáneo.

3 de decembro de 2009

concerto

Virginia González, violín  
e Rubén Alvar, piano

Aires Criollos  
Julián Aguirre, 1868-1924  
Reelaborado por Andrés Gaos

Sonata Op. 37 para violín  
e piano  
A. Gaos, 1874-1959  
- Allegro con brio  
- Adagio  
- Allegro moderato

**VIRGINIA GONZÁLEZ**  
violín

Naceu en Santa Fe (Arxentina), onde comezou a súa formación musical na Orquesta de Niños. Estudou violín co mestre Luis Orlando e posteriormente cos mestres Szimsya Bajour e Pablo Saravi en Bos Aires.

En 1990 gañou por concurso as prazas de asistente de solista nas Orquestras Sinfónicas de Entre Ríos e Santa Fe. En 1995 obtivo

unha bolsa da Fundación Antorchas para participar no Seminario Integral de Música de Câmara do Cámping Musical Bariloche, volvendo participar en 1996. En ambas as dúas oportunidades foi invitada polo mestre Chumachenco a tocar xunto a el. En 1997 foi aceptada na Carnegie Mellon University de Pittsburgh (EEUU), onde estudiou cos mestres Daniel Heifetz, Christopher Wu e Andrés Cárdenes. En 1998 gaña por concurso a praza para integrar a Orquestra Sinfónica Nacional de Bos Aires e foi tamén invitada a participar da Orquesta de Câmara Mayo. Participou en cursos e encontros internacionais de violín e música de cámara no seu país e no estranxeiro: Estados Unidos; Bélgica, Francia, Suíza e España, con diferentes mestres como Szimsya Bajour, Nicolás Chumachenco, H. Carfi, Marco Rizzi, Victor Pikaisen, Françoise Guye e o Cuarteto Latinoamericano entre outros.

Actuou en diferentes ciclos e festivais de música de cámara tanto en Arxentina como no Verbier Festival de Suíza, The Enghien International Musical Encounters en Bélgica e en Estados Unidos. Como solista actuou, entre outras, coa Orquestra Sinfónica de Santa Fe, Sinfónica de Entre Ríos e Carnegie Mellon Chamber Orchestra. Foi gañadora do Primeiro Premio de violín no Concurso de Novos Valores do Mozarteum de Santa Fe, da bolsa do Fondo Nacional das Artes e en dúas ocasións da bolsa da Fundación Antorchas para realizar estudos en Arxentina e no estranxeiro (EEUU).

Desde 2001 integrou todos os veráns a UBS Verbier Festival Orchestra (Suíza), coa cal realizou xiras internacionais baixo a dirección dos mestres James Levine, Charles Dutoit, Mstislav Rostropovich, Yuri Temirkanov, Wolfgang Sawallisch, Zubin Mehta, Bobby McFerrin, Nagano, Kurt Masur e Paavo Jarve, entre outros.

En 2003 radícase en España, onde forma parte da Orquestra Sinfónica de Navarra e é concertina da Camerata Laus.

Desde 2004 é integrante da Verbier Festival Chamber Orchestra, con sede en Suíza. En 2006 trasládase á Coruña, onde actualmente é integrante da Orquestra Sinfónica de Galicia.

RUBÉN ALVAR  
piano

Naceu na Coruña en 1975. É titulado en piano polo Conservatorio de Música da Coruña coa cualificación de sobresaliente. Realizou os seus primeiros estudos musicais á idade de seis anos co seu primo e un ano máis tarde ingresou no Conservatorio de Música da Coruña.

Estudou piano con Natalia Lamas e Julio Mourenza. Actualmente perfecciona os seus estudos musicais con Irina Moriatova, concertista e profesora superior de piano residente na Coruña. Realizou diversos cursos de piano con pianistas da talla de Philippe Entremont e Domenico Codispoti.

Como solista presentouse na súa cidade natal o día 27 de marzo de 1993 e, desde aquela, participa en numerosas actividades de fin de curso do conservatorio e mesmo da Universidade da Coruña (Escola de Camiños, Paraninfo). Recentemente ofreceu un recital na Vila Florentina de Cecebre con éxito de crítica. Como pianista acompañante colaborou con diversos coros locais, principalmente co Coro Universitario da Coruña, entidade coa que traballa estreitamente en ensaios e concertos desde o curso 2008-2009, e cantou tamén de solista en numerosos concertos pola Comunidade Autónoma de Galicia e na TVG.

Como organista participou en varios Encontros de Música de Nadal “Cidade da Coruña” e nos Encontros de Música Coral “Fonseca”, ademais de tocar no órgano da catedral de Tui no ano 2001. Ten colaborado tamén coa Orquestra de Cámara da Universidade da Coruña.

Na actualidade compaxina a actividade pianística (en formacións de cámara e como solista) co seu traballo como enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.

19 de decembro de 2009

concerto

Serenata para instrumentos  
de cordas  
M. del Adalid, 1826-1881

Negra Sombra  
X. Montes, 1840-1899  
Adaptación segundo a versión  
orixinal para orfeón

Concerto en estilo antigo, para  
violin e orquestra de corda  
M. Quiroga, 1892-1961

- Allegro con brio
- Grave
- Presto

Antón Carballo  
Violín solista

Impresión Nocturna  
A. Gaos, 1874-1959

Suite ao xeito antigo  
A. Gaos

- Canone
- Zarabanda
- Fughetta
- Fantasia

Orquestra de Cámara  
da Universidade da Coruña

Julián Jesús Pérez  
director

**ANTÓN CARBALLO GONZÁLEZ**  
violín

Naceu na Coruña en 1984. Finalizou o grao superior no Conservatorio Superior do País Vasco (Musikene) coa prestixiosa profesora Keiko Wataya (que se formou con concertistas de altura, como Ferras, Szigetti, Boulanger e Sandor Vegh) e a súa asistente Elena Satue (actual principal de segundos violíns da OSG). Estudou na Escola de Altos Estudios Musicais de Galicia cunha bolsa do IGAEM coa profesora Anca Smeu (axudante de concerto da Real Filharmonía de Galicia).

Pertenceu a orquestras como a Orquestra Nova de Galicia e Joven Orquesta Nacional de España (JONDE). Colaborou coa

Real Filharmonía de Galicia, coas Orquestras Sinfónicas de Euskadi e da ESMAE de Porto, co Conductus Ensemble e coas Novas Orquestas Sinfónicas de Asturias e Noruega.

Fóra de España actuou no Young Euro Classic Festival de Berlín (Alemaña), no Festival de verán de Chester (Inglaterra), no International Youth Festival de Aberdeen (Escocia), no Auditorio do Real Conservatorio de Bruxelas (Bélgica), no Auditorio do Real Circo de Jules Verne de Amiens (Francia), e no Festival Internacional da Cultura en Oslo, Elverum e Stavanger (Noruega).

Asistiu a cursos de técnica e interpretación violinística con pedagogos e concertistas como Marc Kaplan, Lev Chistiakov, Amayak Durgaryan, Sergio Castro, Marcelino García, Anna Baguet, Corrado Bolsi, etc. Recibiu clases de repertorio orquestral con prestixiosos intérpretes de altura, como Hae Sun Kang, Maryvonne le Dizes, Wieslaw Rekucki, Sergei Teslia, Joan Lluis Jolda, Tinta Schmidt von Altenstadt, Mauro Rossi, Fran di Polo, entre outros.

Actuou como solista para a Fundación Teresa Berganza, na Fundación Marcelino Botín, no Museo de Belas Artes e no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, nos Conservatorios de Culleredo e Superior do País Vasco (Musikene), na Sala Mozart do Auditorio de Galicia, no Auditorio da Escola de Altos Estudos Musicais e no Salón Teatro de Santiago de Compostela, etc. Foi finalista no concurso de música de cámara Rotary Sardinero de Santander, polo que actuou no Auditorio da Fundación Botín.

Tamén recibe clases de violinistas de prestixio en Londres, da altura de Simon Fischer, Kristof Smietana e John Glickman. Foi admitido na Guildhall School of Music and Drama de Londres e na Manhattan School of Music de Nova York.

Pertence á Orquestra de Cámara Galega, coa que acaba de tocar en Nova York. Actuou recentemente no Carnegie Hall de Nova York, no Arsht Center for the Performing Arts, Knight Concert Hall de Miami e no cárcere de Soto del Real homenaxeando ao mestre J.A. Abreu, Premio Príncipe de Asturias das Artes.

Estudou con Deborah Hamburguer e James Dalhgreen. Actualmente cursa un mestrado de violín na Guildhall School of Music and Drama de Londres.

## ORQUESTRA DE CÁMARA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Orquestra de Câmara da Universidade da Coruña presentouse no Nadal de 2006 na Igrexa da Venerable Orde Terceira desta cidade. Os seus compoñentes ensaián baixo a dirección técnica de Víctor Raúl Cardoso e artística de Julián Jesús Pérez. A Orquestra de Câmara da UDC é un proxecto didáctico e de divulgación musical; desexa ofrecerlle o seu traballo a toda a comunidade universitaria e mais ao público en xeral.

O seu repertorio abrangue desde o Barroco até o século XX; traballou obras de J.S. Bach, A. Vivaldi, G.F. Händel, W.A. Mozart, E. Grieg, B. Bartók, J. Rodrigo e dos compositores galegos Andrés Gaos e Marcial del Adalid, entre outros.

Interveu en diversos actos da UDC, e mesmo en concertos de Nadal e Fin de Curso na Coruña, en Ferrol e en Santiago de Compostela; así mesmo clausurou os Ciclos de Novos Intérpretes da universidade nas súas tres edicións. En 2007 participou nunha Gala Lírica de ópera barroca e clásica e en 2009 interpretou a Oda “Come ye, Sons of Art Away”, de Henry Purcell. Nestes proxectos interviñeron solistas galegos como Olga Raíces, Maite Bárbara e Mónica Pérez (sopranos), Pablo M. Carreira (contratenor), Pablo Carballido (tenor), Fernando Enseñat-Berea e Pedro M. Tapia (baixos) e agrupacións como o Coro Universitario da Coruña, o Coro de Câmara “Si vis me canere” de Santiago de Compostela e o Coro de Câmara da Coruña.

### Violíns primeiros:

Víctor Raúl Cardoso Rada (concertino)

Antón Carballo González

Rafael Carrasco del Pozo

Javier Fernández Rodríguez

Ana María Martínez Sedes

### Violíns segundos:

Juan Barbero Cancelo

Marta Oro Amón

Pablo Rodríguez Vila

Tania Varela López

Violas:

Janet Fernández López  
Gema P. Fraguera Gómez  
Mario Otero Diz

Violoncellos:

Juan Antonio Almarza Esparza (continuo)  
Marta García Nieto

Contrabaixo:

José Adolfo Alemany Alemany

**JULIÁN JESÚS PÉREZ**

director

Naceu na Coruña. É doutor en Didáctica da Lingua e da Literatura pola Universidade da Coruña, titulado en piano polo Conservatorio desta cidade, licenciado en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago, diplomado en Dirección Coral pola Junta de Castilla y León e profesor titular de Ensino Secundario na especialidade de Música.

Iniciou os seus estudos musicais da man de María Moscoso, a quen lle debe unha ampla formación en solfexo e en piano. Máis tarde traballou durante un longo período de perfeccionamento na Coruña e en Madrid con Irina Moriatova (piano) e Inés Rivadeneira (canto); nesta materia recibiu tamén leccións de Andrea Gáll, Janet Coxwell (The Tallis Scholars), Andrew Carwood (The Cardinall's Musik), Marimí del Pozo e Ana Higueras.

Ampliou a súa formación musical en Pedagogía Musical, Polifonía, Canto e Dirección Coral en España, Hungría, Alemaña, República Checa e Reino Unido e traballou repertorio coral con mestres como Jordi Casas, María Felicia Pérez, Christian Grube, Laszlo Heltay ou Peter Phillips (director de The Tallis Scholars).

En 1991 recibiu o Premio-Bolsa “Rosa Sabater” do Curso “Música en Compostela” na disciplina de Polifonía. No ano 1988 fundou o Coro de Câmara Madrigalia; con el traballou até mediados de 1992. Entre 1986 e 1988 foi subdirector do Coro Universitario de

Santiago, co que colaborou puntualmente como director. En 1990 crea o Coro Universitario da Coruña, do que foi o seu titular entre 1990 e 1992, e do que retomou a dirección no curso 2004-2005. Desde a súa fundación en 1992 dirixe o Coro de Cámara da Coruña, entidade coa que actuou por toda Galicia, en cidades do resto de España e noutros países como Escocia, Polonia e Ucraína.

Publicou diversos artigos nas revistas Cavatina e Música y Educación. Actualmente prepara a publicación da súa tese de doutoramento. Desde 1999 é pianista de Capriccio Vocale, formación que gravou recentemente o seu primeiro CD e coa que actuou por toda Galicia e en cidades do resto de España como Palencia, Pamplona ou Granada. Ten ofrecido tamén diversos recitais coa soprano Maite Bárbara, entre outros solistas da nosa Comunidade.